

Na referida sesión, acordouse aprobar o cadro de postos de traballo deste Concello, que se pública seguidamente de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril:

A) Funcionarios de carreira

Denominación	Grupo	Nº prazas	Escala	Subescala	Nivel C.D.
Sec.-Interv Administrativo	A1/2 C1	1 (cuberta/propiedade) 1 (vacante)	Hab. Carct. Nac. Adm. xeral	Secret-Interv. Administrativa	26 22
Aux administrativo e 1 vacante)	C2 Adm. xeral.	3 (2 cubertas en interin. Auxiliar	18		
Arquitecto (a tempo parcial)	A1	1 (cuberta en interin.)	Adm.Especial	Técnica	22

B) Persoal laboral fixo

Denominación do posto	Nº de prazas
Encargada de biblioteca e asuntos culturais (cuberta provisionalmente)	1
Peón-conductor (cubertas provisionalmente)	2
Oficial 1ª- Albanel (cuberta provisionalmente)	1
Conserxe (cuberta provisionalmente)	1

C) Persoal laboral temporal

Denominación do posto	Nº de prazas
Fontaneiro	1
Técnico de educación infantil	1
Axente de emprego e desenvolvemento local	1
Traballadora Social (media xornada) (subvencionado pola Consellería de Traballo e Benestar)	1

A plantilla de persoal laboral temporal poderá ampliarse coas subvencións que este Concello poida recibir da Comunidade Autónoma, ou de outros organismos para financiar a contratación de persoal de obras de servizos determinados, ou ben, por necesidades perentorias, para obras ou servizos determinados.

De conformidade co disposto no artigo 171.1 do citado Texto Refundido, contra o presente acordo de aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo competente, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín oficial da provincia de Lugo, de acordo co establecido na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora de dita Xurisdición, sen que a súa interposición suspenda por sí soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Abadín, a 18 de decembro de 2014.- O Alcalde, José María López Rancaño.

R. 4927

COSPEITO

Anuncio

Aprobada definitivamente polo Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 27 de novembro de 2014, a ordenanza reguladora do uso común especial do dominio público local polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Cospeito, procédese á publicación do seu texto íntegro para xeral coñecemento, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“ORDENANZA REGULADORA DO USO COMÚN ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL POLAS ACTIVIDADES EXTRACTIVAS DE MADEIRA NOS MONTES E ESPAZOS FORESTAIS DO CONCELLO DE COSPEITO

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actividade madeireira ten suma importancia no Concello de Cospeito debido a que boa parte da superficie do termo municipal está cuberta por especies forestais, polo que a incidencia do monte nas economías familiares do concello é moi importante, e cómpre darlle o valor que lle corresponde.

Ademais, o monte galego posúe unha elevada produtividade, isto xera unha gran cantidade de potencialidades que ben aproveitadas, poderían incrementar a produción de madeira, facer medrar as rendas das persoas propietarias, mellorar a xestión das empresas madeireiras, achegar o produto de calidade para a industria transformadora, e bo todo isto xerar máis valor, máis renda, máis emprego e máis calidade de vida.

Non obstante, para lograr todo isto sería preciso virar a actual situación en orde a un novo paradigma de xestión sustentable do monte. Para elo deberanse eliminar ou reducir os graves problemas que ten hoxe en día o sector como son, entre outros, a escasa cualificación da man de obra, unha distribución de parcelas minifundista e irregular, e principalmente, no que aos concellos afecta, os importantes impactos sobre a rede viaria municipal causados pola maquinaria forestal e os labores de extracción e carga da madeira.

Conscientes da importancia do sector, pero tamén polos importantes custos que esta actividade xera nas infraestruturas locais e os trastornos e molestia que supón para o conxunto da poboación, preténdese regular con esta ordenanza os labores de xestión forestal no concello, que fagan compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento e explotación do sector forestal, coa preservación das vías municipais, promovendo unha explotación racional e sustentable dos espazos forestais. Todo elo, faise tomando como base as competencias dos municipios nos ámbitos da infraestructura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, e en materia de policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios, planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística, establecidas na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local (na redacción dada pola lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local) e na Lei 5/97 de 22 de xullo, de administración local de Galicia, así como no previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real decreto 1372/86, do 13 de xuño, entre outras.

Principalmente, esta ordenanza pretende velar pola debida conservación das vías públicas de titularidade municipal, que son continuamente obxecto de estragos por causa das operacións de extracción e saca da madeira, e da maquinaria forestal; así como velar pola seguridade viaria, na medida en que o deterioro dos camiños e vías de titularidade municipal supón, obxectivamente, un incremento da perigosidade potencial no tráfico rodado polas mesmas

Á vista do exposto, a ordenanza pretende a regulación da actividade extractiva de madeira no termo municipal de Cospeito, en canto supón un uso común especial das vías de titularidade municipal, agás aquela que poida considerarse de autoconsumo. Neste senso establécese unha serie de obrigas de xestión que afectan tanto ás empresas como aos propietarios dos montes explotados.

Para levar control das operacións forestais que se desenvolvan, o Concello de Cospeito requirirá a presentación dunha comunicación previa, para informar da realización de actividades extractivas de madeira, así como dunha fianza, para cubrir os posibles estragos que se produzan nas infraestruturas e no dominio público local. Ademais a ordenanza recolle un apartado de infraccións e de sancións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO E FUNDAMENTO

Art. 1.- Obxecto e fundamento.

1.- De conformidade co disposto nos art. 25 e 49 da Lei 7/1 985, do 2 de abril, de bases do réxime local (na súa redacción pola Lei 27/2013, de 27 decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local), e 75 e 77 do Regulamento de Bens das EE.LL., o Concello de Cospeito establece a presente ordenanza reguladora do uso común especial dos camiños de titularidade municipal con motivo das operacións forestais referidas no parágrafo seguinte.

2.- Constitúe o obxecto desta ordenanza a regulación do uso común especial dos camiños e vías de titularidade municipal, constituído pola circulación polas mesmas de vehículos dedicados a saca e transporte de madeira derivado da explotación forestal dos montes radicados no término municipal, actividade forestal que consiste na extracción e saca de madeira dentro do termo municipal, para facela compatible coa conservación das vías municipais e coa seguridade viaria.

A ordenanza afecta aos actos que se desenvolvan e que teñan por obxecto o transporte da madeira (operacións preparatorias de corta, desprazamentos de vehículos e maquinaria, construción de ramplas de acceso aos terreos, depósitos e transporte da madeira etc.) facendo compatible a liberdade de empresa e o desenvolvemento do sector forestal no concello coa conservación das vías de titularidade municipal e coa seguridade viaria.

3.- Entenderase que existe uso común especial das vías de titularidade municipal cando se proceda ao transporte de madeira derivado de sacas forestais superiores aos 20 metros cúbicos.

Art.2.- Definicións.- Para os efectos da aplicación desta ordenanza, considérase:

- Actividade forestal: aquela que se desenvolve a partir do aproveitamento múltiple dos recursos que proporcionan os terreos nos que vexetan especies arbóreas, sexan de nacemento ventureiro, de semente ou de plantación, sempre que non sexan características de cultivo agrícola.

- Saca de madeira: deberá entenderse, para os efectos desta ordenanza, a totalidade das operacións que se desenvolvan dentro do concello, que teñan por obxecto a obtención e transporte de madeira de corta,

incluíndo tanto as operacións previas ou preparatorias á corta (desprazamento de vehículos e maquinaria, construción de ramplas ou accesos ás fincas, preparación do terreo, etc.) como as posteriores (preparación e depósito da madeira, cargamento e transporte).

- Empresa madeireira: persoa física ou xurídica que realice os labores de preparación do terreo, repoboación, corta, saca, depósito e/ou transporte da madeira. Tamén abrangue a aquelas persoas propietarias que realicen algúns destes labores nas parcelas da súa propiedade, sempre e cando non sexa para o autoconsumo de madeira e teñan por destino a súa comercialización.

Art. 3.- Ámbito de aplicación.- O ámbito de aplicación desta ordenanza é o termo municipal de .Cospeito sen prexuízo das disposicións especiais que poidan rexer en zonas cualificadas como especialmente protexidas ou espazos naturais.

TÍTULO I: COMUNICACIÓNS PREVIAS E RÉXIME XURÍDICO

Art. 4.- Requisitos para as operacións de saca de madeira.

1.- Para realizar traballos de saca de madeira en plantacións forestais do Concello, cun volume estimado superior a vinte metros cúbicos, será obrigatorio presentar no rexistro xeral do Concello eu en calquera dos rexistros referenciados no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común, unha comunicación previa por escrito, cunha antelación mínima de tres días ao comezo das actividades. Elo farase sen prexuízo da necesaria obtención, con carácter previo, dos permisos ou autorizacións que, conforme á normativa vixente, sexan necesarios, xa foran da autoridade forestal, de conservación da natureza, de protección de augas ou de preservación do patrimonio arqueolóxico.

2.- O escrito de comunicación previa será asinado pola empresa madeireira, debendo constar nel os seguintes datos:

- Datos identificativos empresa madeireira (denominación, número do NIF, enderezo e teléfono, nome e apelidos da persoa encargada ou responsable da empresa)
- Especie de madeira obxecto da corta
- Volume de madeira que se prevé extraer
- Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia, así como identificación catastral da finca ou monte afectado, indicando polígono e parcela/s
- Datas previstas de inicio e remate dos traballos
- Lugar onde se depositará a madeira á espera da súa carga e vías a empregar.

Acompañarase ao escrito de comunicación previa a seguinte documentación:

- Copia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta expedido pola autoridade competente.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar da empresa madeireira que cubra os eventuais danos e prexuízos que poidan causarse con ocasión da corta e saca de madeira, así como do último recibo pagado, acreditativo de que o seguro está vixente no momento de realizarse as devanditas operacións.
- Fianza ou aval bancario segundo o disposto no art. 7 da presente ordenanza.

O Concello de Cospeito terá a disposición das persoas interesadas un modelo normalizado de escrito de comunicación previa, tal e como se recolle no Anexo I.

3.- Cando a saca de madeira se realice sen a presentación da preceptiva comunicación previa, o Concello requirirá á empresa madeireira ou á persoa propietaria do monte ou predio forestal o cesamento inmediato de tales operacións na medida en que impliquen o uso común especial das vías municipais e a presentación dun escrito de posta en coñecemento (o mesmo que o de comunicación previa), sen prexuízo da corresponde sanción derivada do incumprimento da obriga de presentación do mesmo.

Exceptúase de todo o anteriormente exposto, e, polo tanto, do disposto na presente ordenanza, a realización de cortas para usos propios domésticos, entendendo como tales os que non teñan fins comerciais e teñan un volume máximo de 20 m³.

4.- O concello poderá levar a cabo os controis e verificacións necesarias coa finalidade de comprobar que as operacións de saca e transporte se axustan ao contido do declarado na comunicación previa.

Art. 5.- Responsables.

1.- A empresa madeireira será responsable directamente de todos os danos e prexuízos a persoas e bens que se produzan ou ocasionen con motivo da saca, depósito e transporte da madeira, debendo reparar o dano causado. O Concello velará especialmente para que as devanditas operacións de corta e saca de madeira non ocasionen danos nas vías públicas municipais e estas queden en axeitado estado de conservación, limpeza e seguridade.

A devandita obriga será esixible non só polos actos ou omisións propios, senón tamén polos cometidos por calquera persoa que, sen ser empregada ou traballadora da empresa madeireira, interveña nas operacións de corta e saca de madeira por conta, consentimento ou aquiescencia da mesma e, en xeral, polos cometidos por aquelas persoas de quen deba responder.

2.- As persoas propietarias das parcelas de monte nas que se efectúen actividades de extracción de madeira serán responsables, principalmente cando a corta se faga a feito en zonas con pendentes elevadas, da adopción das medidas precisas para previr tanto os riscos erosivos sobre o terreo como as posibles consecuencias da erosión sobre os bens públicos.

3.- O asinante da declaración previa responderá da exactitude e veracidade do nela declarado nos termos do artigo 71.4 bis) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común

Art. 6.- Obrigas

1.- A EMPRESA MADEIREIRA ESTARÁ OBRIGADA A ASUMIR OS CUSTES DA REPARACIÓN DOS ESTRAGOS PRODUCIDOS NAS VÍAS, NAS ESTRUTURAS ANEXAS OU NOUTROS ELEMENTOS DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL.

2.-A empresa madeireira queda obrigada á limpeza e á retirada dos residuos da corta de madeira, de xeito que as pistas, camiños ou espazos públicos queden en todo momento no mesmo estado de limpeza e conservación que tiñan antes de levarse a cabo as operacións de corta e saca de madeira. A obriga de limpeza deberá cumprirse todos os días ao final da xornada de traballo.

3.- Os depósitos de rolla, pólas, podalla ou demais restos non poderán invadir as zonas de circulación viaria, nin menoscar a funcionalidade das cunetas, gabias, canalizacións, pontellas ou calquera outra infraestrutura auxiliar ou anexa aos camiños ou vías, de cara a evitar riscos para as persoas usuarias

4.- Prohíbese que os refugallos que non sexan estritamente vexetais queden ou se depositen no monte, vías ou lugares non autorizados, Os residuos asimilables aos urbanos seleccionaranse e depositaranse no contedor municipal axeitado.Os residuos industriais, especialmente, aceites usados, entregaranse a un xestor autorizado de residuos.

As empresas madeireiras e/ou as persoas propietarias dos montes tratarán os restos forestais de xeito que minimicen o risco de incendio, dando prioridade aos tratamentos que supoñan a incorporación dos ditos restos ao ciclo produtivo agroforestal ou ao aproveitamento de biomasa forestal residual nas súas distintas variantes.

5.- A empresa madeireira estará obrigada a sinalizar as vías situadas nas zonas de extracción e depósito de madeira conforme ao establecido na normativa vixente en materia de tráfico, circulación e seguridade viaria.

6.- Prohíbese o uso das vías públicas para almacén ou depósito irregular da madeira. Entenderase por depósito irregular, para os efectos desta ordenanza, aquel que exceda de 30 días naturais.

7.- A empresa madeireira ou o propietario forestal deberán derrubar e repoñer ao seu estado anterior as ramplas abertas para facilitar o acceso ao terreo ou ao monte, co obxecto de que, cando chova, a auga e a terra arrastrada non inunden e cause danos nas pistas ou camiños municipais.

As limpezaas ou reparacións deberanse realizar nun prazo máximo de 72 horas a partir da retirada da madeira.

8.- De acordo co disposto na normativa urbanística vixente, queda prohibido efectuar desprazamentos de terra que polas súas características deban ser considerados movementos de terra.

Art. 7. Fianza.

1.- As empresas madeireiras deberán depositar unha fianza en metálico ou aval bancario en favor do Concello, co obxecto de responder dos posibles danos non reparados voluntariamente, segundo se recolle nesta ordenanza. Para os efectos desta fianza (que deberá ser depositada coa comunicación previa) establécense catro categorías:

- Volume de corta inferior a 300 metros cúbicos: 500,00€
- Volume de corta entre 300 e 1.000 metros cúbicos: 1.500,00€
- Volume de corta entre 1.000 e 3.000 metros cúbicos: 4.000,00€
- Volume de corta superior a 3.000 metros cúbicos: 6.000,00€

No caso de que a mesma empresa madeireira vaia realizar, ao mesmo tempo, cortas en parcelas contiguas, e para efectos do cálculo da fianza a aplicar, deberá computarse o volume total de madeira extraída desas parcelas.

2.- Unha vez comunicado o remate dos traballos por parte da persoa interesada, a tramitación administrativa do expediente da devolución da fianza completárase nun prazo de 30 días naturais, unha vez que os servizos municipais comprobaren a inexistencia de danos nas vías, nas infraestruturas ou no dominio público local. No caso contrario, non se producirá a devolución da fianza, ata que se resolva o expediente que ao efecto se incoe.

Art. 8.- Requirimentos. Normas comúns no uso da fianza non devolta e execución subsidiaria.-

1.- Unha vez que se advertiu o incumprimento da presente ordenanza, e de forma paralela á apertura do expediente sancionador, requirirase á persoa responsable da infracción para que se axuste á normativa e, de ser o caso, repare os danos e prexuízos causados, outorgándolle para elo un prazo prudencial fixado polos servizos técnicos municipais, que, en calquera caso, non podará exceder de un mes. Unha vez que transcurriera este prazo sen que se dea cumprimento ao requirimento, procederase, sen necesidade de novas notificacións, á súa execución subsidiaria, cargándolle os custes derivados á persoa responsable.

2.- Constatada a destrución ou deterioro do dominio público viario local ou a acumulación de restos procedentes das operacións de carga e almacenamento, o Concello poderá realizar, con cargo á fianza, as operacións de reparación, corrección e/ou retirada de restos, sen prexuízo da sanción que proceda. No caso de importe sobrance da fianza, procederase á devolución do mesmo.

3.- Se os danos foran dunha contía superior ao da fianza, o Concello elaborará un informe técnico sobre os danos e requiriráselle ao responsable para que abone as cantidades ocasionadas por estas, ademais da fianza inicial, mediante a tramitación do oportuno expediente administrativo, de conformidade co previsto na Lei 30/92 de procedemento administrativo.

TÍTULO II.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

Art. 9.- Infraccións.-

1.- Son infraccións da presente ordenanza os actos e omisións que contraveñan o establecido na mesma. A comisión de calquera infracción levará aparellada a imposición aos responsables das correspondentes sancións, sen perxuízo da obriga de indemnizar aos prexudicados polos danos derivados da súa comisión.

2.- A infraccións da presente ordenanza, cualifícanse en moi graves, graves e leves.

Constitúen infraccións moi graves:

- Non presentar, no prazo que se lle indique, o escrito de comunicación previa de realización dos traballos forestais, unha vez fose requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais nun estado de suciedade que supoña unha situación de risco para a seguridade viaria, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor superiores a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Cometer nun prazo dun ano, dúas faltas graves firmes na vía administrativa.

3.- Constitúen infraccións graves:

- Non presentar o escrito de comunicación previa, aínda que o achegue despois de ser requirido polo Concello.
- Deixar as vías municipais en deficiente estado de suciedade, segundo o informe municipal emitido para o caso.
- Causar danos nas vías municipais por valor inferior a 9.000 €, segundo o informe municipal emitido para o caso.

- Non demoler ou non repoñer ao seu estado orixinal as ramplas ou accesos que se abiran para acceso aos terreos forestais.

- Cometer, nun prazo dun ano, dúas faltas leves, firmes na vía administrativa.

4.- Considéranse infraccións leves calquera outro incumprimento desta ordenanza que non estea cualificado como moi grave ou grave e a súa sanción corresponda ao Concello.

Art. 10.- Sancións.

1.- As infraccións desta ordenanza serán sancionadas coas seguintes multas:

- Infraccións leves: multa de ata 300,00€
- Infraccións graves: multa de contía comprendida entre 300,01€ e 1.500,00€.
- Infraccións moi graves: multa de contía comprendida entre 1.500,01€ e 3.000,00€

2.- A tramitación do procedemento sancionador non previsto nesta ordenanza, rexerase pola normativa xeral na materia e, en todo caso, coa audiencia e demais garantías procesuais para a persoa interesada. O órgano competente para a resolución do expediente sancionador será a Alcaldía.

3.- O importe das multas será graduado tendo en conta as circunstancias concorrentes e de acordo co establecido na normativa vixente.

4.- As multas e sancións impostas ao abeiro do disposto na presente ordenanza reduciranse na súa contía nun 50%, no caso de que se abonaran no prazo de 15 días a partir da notificación da multa ou sanción, e se a persoa infractora mostra por escrito a súa conformidade con estas, e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no citado prazo.

5.- O pagamento das multas poderase esixir pola vía administrativa de constrinximento, sen perxuízo da esixencia, se fora o caso, das correspondentes responsabilidades civís e penais.

6.- As sancións serán independentes da reparación do dano causado e da indemnización de danos e perdas a que houber lugar.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS.- A presente ordenanza entrará en vigor unha vez se proceda a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e transcorra o prazo de 15 días hábiles previsto no art. 65.2 da lei 7/85 reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

A Alcaldía queda facultada para e ditar cantas ordes ou instrucións resulten necesarias para a adecuada interpretación, desenvolvemento e aplicación desta ordenanza.

ANEXO I**COMUNICACIÓN DAS OPERACIÓNS DE SACA DE MADEIRA**

Datos da empresa madeireira
Denominación
N.I.F.
Enderezo
Teléfono
Nome da persoa encargada

Datos da propiedade forestal		
Especie de madeira obxecto da corta		
Volume total da madeira a extraer (m ³)		
Nome das fincas ou montes afectados, lugar ou sitio e parroquia		
Identificacións catastrais	Polígono	Parcela
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
	-	-
Datos do aproveitamento forestal		
Datas previstas de inicio e remate		
Lugar onde se depositará a madeira		

En aplicación da Ordenanza Reguladora do uso común especial do dominio público polas actividades extractivas de madeira nos montes e espazos forestais do Concello de Cospeito, comunico o inicio de actividades forestais nas parcelas indicadas previamente.

Documentación que achega:

- Fotocopia compulsada da solicitude ou do permiso, autorización ou licenza de corta.
- Fotocopia compulsada do seguro de responsabilidade civil ou calquera outro similar.
- Fotocopia compulsada do último recibo pagado do seguro de responsabilidade civil.
- Fianza ou aval bancario.

.....a ... de 201

Contra o presente acordo poderase interpor polos interesados recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso -Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso -Administrativa.

Cospeito, 4 de decembro de 2014.- O Alcalde, Armando Castosa Alvaríño

R. 4841

Anuncio

Visto o proxecto da obra: "Infraestruturas Hidráulicas Básicas no Concello de Cospeito (2ª Fase)", sométese o mesmo a información pública polo prazo de 30 días hábiles a contar dende o día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Durante o prazo indicado poderá ser examinado por calquera interesado nas oficinas municipais da Casa Consistorial do Concello de Cospeito, de luns a venres en horario de 9:00h a 14:00h e sábados de 10:00h a 14:00h, aos efectos de que poidan formular as alegacións que se estimen pertinentes.

Cospeito, 5 de decembro de 2014.- Alcalde -Presidente, Armando Castosa Alvaríño.

R. 4842

Anuncio

Polo Sr. Alcalde Presidente do Concello de Cospeito ditouse a Resolución de 5 de decembro de 2014 que literalmente se transcribe; dando cumprimento á mesma, ordénase a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo:

“RESOLUCIÓN DE ALCALDIA

DON ARMANDO CASTOSA ALVARIÑO, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE COSPEITO, LUGO:

Atendendo á ausencia no termo municipal do Sr. Alcalde -presidente, Don Armando Castosa Alvaríño, dende o día 9 ata o día 11 de decembro de 2014, ámbolos dous inclusives, período no que é ineludible o ditado por Alcaldía de actos administrativos esenciais para o funcionamento ordinario da administración.

Considerando o establecido no artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, establece que os tenentes de alcalde substitúen pola súa orde ao alcalde nos casos de vacante, ausencia e enfermidade.

Considerando o establecido nos artigos 44 e 47 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, en canto ó procedemento a seguir para a delegación das funcións de alcaldía en caso de ausencia do titular, así como o artigo 115 do mesmo texto.

Considerando o establecido no artigo 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, que se refire á suplencia dos titulares dos órganos administrativos de xeito temporal.

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Designar como substituto nas funcións da alcaldía dende o día 9 ata o día 11 de decembro de 2014, ámbolos dous inclusives, ó primeiro tenente de alcalde: Don Fernando Carballeira Rábade.

A delegación inclúe a totalidade das funcións de alcaldía, nos termos do artigo 23.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, durante o período de ausencia. Se delegan as facultades de dirección e xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.